



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Didáctica. currículo e organización escolar	Código	652600001	
Titulación	0 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Módulo Xenérico, Innovación Docente e Iniciación á Investigación Educativa			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de capacidades que permitan ao alumnado configurar un marco integrador e interrelacional da súa práctica no ámbito do sistema educativo.</p> <p>Didáctica, currículo e organización escolar facilita a adquisición de coñecementos epistemolóxicos da pedagogía, da didáctica e da organización escolar, así como o desenvolvemento de habilidades e destrezas dacordo cunha intervención informada e comprometida coa atención á diversidade no marco da educación secundaria.</p> <p>Os principais temas e núcleos de coñecemento que se abordarán están orientados ao estudo da escola como organización, á reflexión sobre o concepto de currículo, e á análise do proceso de ensino-aprendizaxe desde a súa planificación, desenvolvemento e avaliación.</p>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións.
A3	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
A4	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
A5	Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.
A9	Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
A16	Analizar criticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.
A17	Identificar os problemas relativos ao ensino e a aprendizaxe das materias da especialización e expor alternativas e solucións.
A18	Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Comprender a terminoloxía básica, específica e propia da Didáctica, así como os conceptos pertencentes aos comoñentes didácticos do proceso de ensino e aprendizaxe, de modo que sexa capaz de reflexionar con rigor sobre os mesmos e orientar racionalmente a súa futura práctica docente.	AP3		CM4
	AP9		CM6
	AP16		



Valorar críticamente as diferentes formas de interpretar a realidade educativa de acordo coas diferentes visións sobre a función social da escola, en conexión cos obxectivos socio-educativos propostos. Comprender e reflexionar sobre a importancia da inclusión da diversidade que circunda as aulas de educación secundaria.	AP1 AP3 AP9		CM4
Comprender as diferencias entre a planificación curricular e a programación do proceso de ensino-aprendizaxe. Distinguir os diferentes niveles de concreción curricular e as súas implicacións. Coñecer os diferentes elementos e modalidades de deseño curricular.	AP3 AP4 AP9		CM4 CM6
Coñecer e diferenciar os principios básicos e as características que fundamentan a articulación curricular na actualidade.	AP4 AP9		CM4 CM6
Diferenciar os distintos elementos curriculares. Utilizar diferentes criterios tanto para a análise de grupos, de formulación de obxectivos e de selección e secuenciación de contidos considerándoos como un corpo de coñecementos no marco dun proceso de construción e reconstrución progresivo.	AP3 AP4 AP5 AP9		CM4 CM6
Comprender o valor científico e pedagóxico da avaliación no campo do ensino, entendida como unha avaliación eminentemente educativa, formativa e formadora, así como afondar nas relacións entre avaliación, a investigación e a innovación.	AP3 AP4 AP9 AP17 AP18		CM4 CM6
Profundizar no coñecemento crítico e fundamentado da estrutura e funcionamento do Sistema Educativo.	AP9		CM4 CM6
Formalizar, sistematizar e integrar os saberes básicos da organización escolar, que permitan comprender a complexidade dos centros educativos, así como analizar e valorar críticamente a súa vida organizativa.	AP9		CM4 CM6
Coñecer algúns dos modelos máis relevantes da organización escolar e comprender a importancia do contexto organizativo no proceso de ensino-aprendizaxe.	AP9		CM4 CM6

Contidos	
Temas	Subtemas
Módulo I. A participación, xestión e avaliación nos centros de secundaria.	<ul style="list-style-type: none"> - A organización do Sistema Educativo en Galicia: o caso específico da Educación Secundaria. - As dimensións organizativas dun centro escolar e a súa relación coa cultura de centro. - A estrutura organizativa dun centro educativo: órganos de gobernos e formas de participación. - A avaliación de centros de secundaria e a inspección educativa.
Módulo II. Cultura e desenvolvemento organizativo.	<ul style="list-style-type: none"> - A cultura e o desenvolvemento organizativo: a toma de decisións científica, a toma de decisión interpretativa, e a toma de decisión dende unha perspectiva sociocrítica. - O conflito e a natureza conflictiva dos centros escolares.
Módulo III. Funcións e concepcións do currículo.	<ul style="list-style-type: none"> - A Didáctica e o currículo. - As concepcións sobre currículo: enfoques e elementos de análise. - As políticas curriculares: a aportación autonómica ao currículo da Educación Secundaria. - O oculto e o manifestó da aprendizaxe escolar. - O currículo e a cultura escolar no marco da inclusión social e da atención á diversidade.



Módulo IV. Deseño e Desenvolvemento do currículo.	<ul style="list-style-type: none"> - O ensino como deseño e desenvolvemento do currículo. - Do currículo prescrito ao currículo contextualizado: o reparto de competencias e responsabilidades. - A planificación e desenvolvemento do currículo como tecnoloxía, e a planificación e desenvolvemento do currículo como investigación. - O papel dos obxectivos e dos contidos na planificación: os enfoques disciplinares e interdisciplinares, e as unidades globalizadas.
Módulo V. Modelos de ensino e metodoloxías didácticas.	<ul style="list-style-type: none"> - O concepto e modelos de ensino. - As tarefas como marco de socialización educativa e do proceso de ensino e aprendizaxe. - A estrutura das tarefas académicas no traballo de ensinantes e na actividade do alumnado. - Os métodos de ensino-aprendizaxe centrados no alumno.
Módulo VI. Os materiais curriculaes e as TIC como recurso didáctico.	<ul style="list-style-type: none"> - Os recursos didácticos, organizativos e materiais no proceso de ensino-aprendizaxe. - Os materiais impresos: o libro de texto e outros materiais. - Os medios audiovisuais e as TICs como recursos didácticos. - Os recursos humanos e naturais na educación.
Módulo V. Sistemas e proceso de avaliación didáctica.	<ul style="list-style-type: none"> - A avaliación no pensamento educativo e na práctica escolar. - Funcións socioeducativas da avaliación. - A avaliación do currículo e a avaliación das aprendizaxes: modalidades e tipos según o propósito e os criterios. - Procedementos e instrumentos de avaliación: principios que rixen o proceso avaliativo.

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	11	16.5	27.5
Análise de fontes documentais	0	6	6
Lecturas	0	6	6
Proba de ensaio	2	3	5
Traballos tutelados	10	15	25
Discusión dirixida	8	12	20
Estudo de casos	8	12	20
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Na actividade de sesión maxistral traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento. Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.
Análise de fontes documentais	As fontes documentais serán a base de referencia sobre o tratamento dos contidos que se abordarán en torno aos diferentes núcleos temáticos da materia. Utilizaranse documentos audiovisuais e bibliográficas relevantes sobre a materia con actividades específicas deseñadas para a análise dos mesmos.



Lecturas	Establécense unha serie de lecturas obrigatorias dun conxunto de textos e documentación relacionadas coa materia que o alumnado terá que ler, discutir en grupo e finalmente recensionar de xeito persoal axustándose a un formato coñecido previamente consensuado.
Proba de ensaio	A proba de ensaio constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá dar resposta a unha ou varias cuestións interrelacionadas facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, de acordo co conxunto de contidos abordados en torno ás diferentes dinámicas de traballo ao longo da materia.
Traballos tutelados	En torno aos diferentes temas proporase a realización de pequenos traballos de grupo que se iniciarán na aula e que logo deberán ser completados mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo as indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor aos diferentes grupos. Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia así como outros complementarios. Finalmente, a través da exposición na aula, cada grupo compartirá os traballos realizados cos demais grupos.
Discusión dirixida	Mediante esta dinámica abordaranse diversas temáticas orientadas a que o alumando reflexione sobre a importancia da inclusión da diversidade, atendendo aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade educativa.
Estudo de casos	As actividades de estudo de caso versarán sobre a presentación de situacións centradas no ámbito educativo para a súa análise desde a óptica da intervención dos profesionais do ensino secundario de maneira integrada cos demais profesionais que desenvolven a súa labor no contexto educativo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Lecturas Proba de ensaio Traballos tutelados Estudo de casos	A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbense como momentos de traballo presencial co profesor, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumando. A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	A proba de ensaio consistirá no desenvolvemento dunha ou varias cuestións interrelacionadas que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia.	50
Traballos tutelados	En relación cos traballos tutelados valorarase: A profundidade do contido. O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar. A utilización de fontes documentais complementarias e actuais. A presentación e a claridade da exposición.	25
Estudo de casos	En relación cos estudos de caso valorarase: A comprensión da situación presentada considerando a diversidade e complexidade dos factores que inciden no ámbito educativo. A profundidade de análise atendendo ao marco teórico traballado na materia. O valor de síntese e da adecuación das propostas de acción e intervención como resposta á situación presentada.	25

Observacións avaliación

<p>A materia esixe un mínimo de 80% de presencialidade. As actividades que, como mínimo, se esixirá ter aprobadas para a superación da materia serán tres:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A realización da proba ensaio (individualmente). - A realización dun traballo tutelado (grupalmente). - A realización dun estudo de caso (grupalmente).
--



Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías